

ANUNCIO

De conformidade co artigo 49 da Lei 7/85, por non presentarse reclamación ningunha durante o período de exposición ao público, elevouse a definitivo o acordo inicial adoptado polo Pleno da Corporación do día 29/11/2018 entrando en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP Nº 247, 28/12/2018).

Publícase o texto completo da ordenanza que entrará en vigor unha vez publicada no BOP, conforme o establecido no artigo 17 do RDL. 2/2004 que aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.-

ORDENANZA FISCAL NÚMERO 3 IMPOSTO SOBRE VEHICULOS DE TRACCIÓN MECANICA

Artigo primeiro

No uso das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, sobre potestade normativa en materia de tributos locais, e de conformidade, asemade, co establecido nos artigos 15 e seguintes, así como no Título II e artigos 92 e seguintes, todos eles do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, regulase mediante a presente Ordenanza fiscal o **Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica**.

Artigo segundo

De conformidade co artigo 95.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello fixa o coeficiente de incremento, no Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, sobre as cotas orixinais establecidas no citado artigo 95.1 do mesmo texto legal, nos seguintes termos:

Tipo vehículo	Cota	Coef	Tarifa
TURISMO MENOS 8 HP	12,62 €	1,4132	17,84 €
TURISMO DE 8 A 11,99 HP	34,08 €	1,4132	48,16 €
TURISMO DE 12 A 15,99 HP	71,94 €	1,4132	101,67 €
TURISMO DE 16 A 19,99 HP	89,61 €	1,5135	135,62 €
TURISMO DE 20 HP EN DIANTE	112,00 €	1,5135	169,51 €
AUTOBUS MENOS 21 PLAZAS	83,30 €	1,4132	117,72 €
AUTOBUS DE 21 A 50 PLAZAS	118,64 €	1,4132	167,67 €
AUTOBUS MAIS DE 50 PLAZAS	148,30 €	1,4132	209,58 €
CAMION MENOS DE 1.000 KG	42,28 €	1,4132	59,75 €
CAMION DE 1.000 A 2.999 KG	83,30 €	1,4132	117,72 €
CAMION DE 2.999 A 9.999 KG	118,64 €	1,4132	167,67 €
CAMION MAIS DE 9.999 KG	148,30 €	1,4132	209,58 €
TRACTOR MENOS 16 HP	17,67 €	1,4132	24,97 €
TRACTOR DE 16 A 25 HP	27,77 €	1,4132	39,25 €
TRACTOR MAIS DE 25 HP	83,30 €	1,4132	117,72 €
REMOLQUE MENOS 1.000 KG	17,67 €	1,4132	24,97 €
REMOLQUE DE 1.000 A 2.999 KG	27,77 €	1,4132	39,25 €
REMOLQUE MAIS DE 2.999 KG	83,30 €	1,4132	117,72 €
CILOMOTOR	4,42 €	1,4132	6,25 €
MOTOCICLETAATA 125CC	4,42 €	1,4132	6,25 €
MOTOCICLETA DE 125 A 250CC	7,57 €	1,4132	10,70 €
MOTOCICLETA DE 250 A 500CC	15,15 €	1,4132	21,41 €
MOTOCICLETA DE 500 A 1.000 CC	30,29 €	1,5135	45,84 €
MOTOCICLETA MAIS DE 1.000 CC	60,58 €	1,5135	91,69 €

(...)

Artigo terceiro:

1. Para poder aplicar a exención a que se refire a letra e) e g) do artigo 93.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o interesado deberá acompañala solicitude dos seguintes documentos debidamente autenticados:

A.- No suposto de vehículos para persoas de mobilidade reducida:

- Fotocopia do permiso de circulación (o seu nome)
- Fotocopia do certificado de características do vehículo
- Fotocopia do Carné de Conducir (anverso e reverso)
- Fotocopia da declaración administrativa de invalidez ou diminución física expedida polo organismo competente.
- Declaración baixo a súa responsabilidade do seu uso exclusivo.

B.- No suposto dos tractores, remolques, semirremolques e maquinaria agrícolas:

- Fotocopia do permiso de circulación.
- Fotocopia do certificado de características.
- Fotocopia da Cartilla de Inspección Agrícola expedida a nome do titular do vehículo

2. En todo caso, consideráranse que presentan unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33% os pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou gran invalidez, e aos pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade segundo o contemplado na Lei 51/2003, de 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

Artigo cuarto:

Bonificación para vehículos históricos.

1.- Gozaran dunha bonificación do 100% na cota os vehículos históricos, ou aqueles que teñan unha antigüidade igual ou superior a vinte e cinco anos contados dende a data da súa fabricación tomándose como tal, se esta non se coñecera a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data na que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.

2.- A bonificación deberá ser solicitada polo interesado e deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- DNI do solicitante
- Copia compulsada do permiso de circulación
- Ficha técnica do vehículo
- Documentación acreditativa da antigüidade do vehículo.

Disposición Final

A presente Ordenanza foi modificada polo Pleno na sesión do día 29 de novembro de 2018 entrando en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP Nº 247, 28/12/2018), e xurdindo efectos dende o 1 de xaneiro de 2019, ata que se acorde a súa modificación ou derrogación.

Rianxo, 15 de marzo de 2019

Adolfo Muíños Sánchez

